

TEMA 11: A CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA (ABDICACIÓN, OCUPACIÓN NAPOLEÓNICA)

En **1788** comeza o reinado de **Carlos IV**.

O final do século XVIII está marcado en España:

- Por unha crise socioeconómica (as crises de subsistencia provocan a caída dos prezos agrícolas; a crise demográfica causada pola epidemia de febre amarela finisecular; a crise comercial orixinada por un mercado saturado polas indianas (tipo de tecido catalán). e polas consecuencias derivadas da Revolución francesa (xa que freou as reformas ilustradas, impulsou a creación dun "cordón sanitario" (impedir que chegasen xente e libros que poidesen espallar as ideas revolucionarias) e reactivou o papel da Inquisición..
- Por outro lado este final de século e comezos do XIX está marcado na política exterior polas guerras: contra Francia (1793-1795) e contra Gran Bretaña (1796-1808).
- Por último polo **desprestixio do monarca Carlos IV** e tamén do seu **primeiro ministro Godoy** (mal visto pola nobreza da Corte por ser un segundón da nobreza pero ter ascendido rapidamente grazas ao favor do rei).

O descontento contra o rei e contra Godoy procedía de distintos ámbitos sociais e políticos:

- Sectores privilexiados da Igrexa e da nobreza eran contrarios á política de Manuel Godoy de fortalecemento do poder real e de medidas fiscais que cuestionaban os dereitos destes grupos (impostos, desamortización). A acumulación crecente de poderes e títulos por Godoy xerou un forte resentimento en Fernando, o príncipe de Asturias. Temoroso de ver limitadas as súas posibilidades de gobernar e herdar a Coroa, foi creando un grupo opositor dentro da Corte, formado por aristócratas e clérigos (**partido fernandino**)
- Grupos de intelectuais difundían clandestinamente desde España e Francia unha literatura próxima aos presupostos ideolóxicos da revolución francesa.
- Algunhas cidades e pobos producíronse movementos de oposición ao absolutismo que, aínda que fracasaron, non deixaron de inquietar ás autoridades.
- Malestar popular traducíuse en motíns de subsistencia e conflitos agrarios contra o pago de dereitos señoriais, que caracterizaron os anos finais do século XVIII e a primeira década do XIX.

Ao redor de 1808 conflúen unha serie de feitos que poñen fin á monarquía de Carlos IV:

- O propio desprestixio da figura do monarca.
- A crise financeira: que se intentara solucionar coa desamortización de 1798.
- As manobras de Godoy para asinar un tratado secreto con Napoleón: (**Tratado de Fontainebleau, 1807**): A negativa de Portugal a aceptar o bloqueo decretado por Napoleón contra Inglaterra, levou ao dirixente francés a planificar a súa conquista contando co apoio de España. Presionado por Napoleón, o goberno español, dirixido por Godoy, autorizou o paso por territorio español de tropas francesas en 1807, acordando tamén o mutuo reparto de Portugal e as súas colonias e a creación dun reino dos Algarves para Godoy (Tratado de Fontainebleau).

- **O Motín de Aranzuez** (marzo 1808): O motín, dirixido pola nobreza palaciana e polo clero (partido fernandino), perseguía a destitución de Godoy e a abdicación de Carlos IV no seu fillo Fernando. Os amotinados conseguiron os seus obxectivos: Godoy fuxiu e Fernando foi recoñecido como rei de España, poñendo en evidencia unha crise profunda na monarquía española.

- **As abdicacións de Bayonne** (maio 1808): Tras os sucesos anteriores, Carlos IV pediu axuda a Napoleón. Coa escusa de mediar nas disputas familiares reuniu a Carlos IV e Fernando VII en Baiona (Francia), logrando que Fernando VII devolverse o trono ao seu pai quen a súa vez entrega os dereitos dinásticos a Napoleón. A cambio, ambos foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia.

A Guerra de Independencia (1808-1814):

- En maio de 1808 o pobo comeza en Madrid o levantamento en contra das tropas de ocupación francesas.

- Tralas abdicacións de Baiona Napoleón cede o trono ao seu irmán Xosé (**Xosé I**): para gobernar a asemblea de Baiona redactará o **Estatuto de Baiona** (máis unha carta outorgada que unha constitución: porque non respondía a unha decisión popular senón á imposición imperial). O texto establecía unha monarquía autoritaria, con amplísima capacidade executiva. Fixaba un poder lexislativo moi limitado, dividido en dúas cámaras, o Senado e as Cortes (divididas en tres estamentos como as do Antigo Réxime: nobreza, clero e terceiro estado –pobo- e que elixían aos seus representantes mediante un sufraxio moi restritivo). Tratábase dun proxecto reformista, que pretendía desmantelar gradualmente, e non de forma revolucionaria, o Antigo Réxime; por iso aínda que fracasou, hai que ter en conta a súa relevancia política.

- **A guerra ten un dobre carácter**: por un lado é unha loita contra o invasor; por outro é unha loita entre os propios españois por ver de levar adiante unha revolución que instaure un réxime liberal en España.

- Os bandos da guerra:

- Os franceses apoiados polos españois (**afrancesados**) que ven na ocupación francesa unha oportunidade para modernizar o estado.

- Os **patriotas**: nos que hai dous grandes bandos: os **absolutistas** (derrotar aos franceses e lograr a volta de Fernando VII baixo un réxime absolutista); os **liberais** (que volva Fernando VII pero baixo un réxime constitucional).

- Os centros da loita contra os franceses:

- Fórmanse **Xuntas** (para organizar o goberno e a defensa dos españois) que acaban cedendo os poderes a unha Xunta Central.

- As **guerrillas**: instrumento que canalizou a loita da xente do común contra o invasor. Este fenómeno de resistencia popular, embrión do novo exército, xurdiu de forma espontánea e axiña foi regulado pola Xunta Central. A base social da guerrilla era o campesiñado, e algunhas partidas caeron no bandoleirismo.

- A convocatoria de **Cortes**: que se reunirán en Cádiz desde 1810 e acabarán redactando a Constitución de 1812 e os decretos para a abolición do sistema señorial.

- O desenvolvemento da guerra:



- **Nunha primeira fase**, Napoleón previra unha rápida ocupación do país, pero atopou resistencia. Os franceses son freados en Zaragoza (Palafox, Agustina de Aragón), Cataluña (o Bruch), Valencia e en Andalucía (o xeneral Castaños vence en Bailén). Todo isto forza a Xosé I a retirarse a Vitoria.

- **Nunha segunda fase**, desencadéase unha forte ofensiva do exército francés sobre o territorio que supón a destrución do exército español e a aparición da guerrilla. As tropas francesas avanza por todo o país, quedando só por conquistar Cádiz. A axuda de Gran Bretaña foi importante (destaca a figura do duque de Wellington), logrando vitorias como a dos Arapiles en 1812. Ante a desaparición da actividade do exército español foi necesaria a actuación dos guerrilleiros. Reuníanse en partidas (grupos non moi numerosos de combatentes) que eran moi eficaces. Destacaron Juan Martín "o Empecinado" en Castela, Espoz e Mina en Navarra, ou o cura Merino en Burgos. Unha das súas vantaxes foi a sorpresa e a improvisación, as cales intimidaban aos franceses, que nunca se sentiron seguros durante a súa estancia na Península. Estaban apoiados polo pobo e conseguiron minar a moral do exército francés.

- **Na terceira fase** ten lugar a derrota francesa en Rusia, o que favorece o avance hispano-inglés. A ofensiva final produciuse en 1813 coas vitorias de Vitoria e San Marcial, que supuxeron a expulsión dos franceses do territorio español.

- Remate da guerra: En 1813, polo **Tratado de Valencay**, Napoleón renuncia e devolve o trono español a Fernando VII. As últimas tropas acaban retirándose en 1814.

TEMA 12: AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812.

En maio e xuño de 1808, durante a Guerra de Independencia, numerosas vilas e cidades formaron Xuntas para enfrontarse ao ocupante francés. De composición moi variada, e controladas na maioría dos casos polas élites dominantes, representan unha nova concepción do poder revolucionaria no senso de non recoñecer a España oficial representada por Xosé I. En cada poboación xurdiu una xunta local. Para maior coordinación, as xuntas provinciais formaron a Xunta Suprema Central de España e Indias que exerceu o goberno de España.

Durante a guerra, xurdiu a necesidade de convocar unas Cortes Xerais e Extraordinarias para lexitimar acción política ante o baleiro de poder, coñecer a vontade do país e implementar reformas. A maioría dos nobres e eclesiásticos trataban de restablecer o sistema político tradicional, pero os liberais eran conscientes da oportunidade presentada para unha transformación política que restrinxira o poder real e establecera una Constitución baseada na soberanía da nación e separación de poderes.

As tendencias políticas dos deputados presentes nestas Cortes pódense agrupar en:

- Un grupo pretendía non modificar nada do sistema político absolutista (**os absolutistas**).
- Outro grupo pretendía un réxime intermedio entre o vello absolutismo e o modelo constitucional baseado na soberanía da nación. (**Os ilustrados**).
- Os partidarios dos cambios, chamados **liberais**, que propoñían unha cámara única que asumise a soberanía nacional e elaborase unha constitución que debía recoller as novidades achegadas pola revolución francesa. Enseguida apareceron nos debates dúas grandes faccións ou “partidos” chamados servil ou absolutista e liberal.

As Cortes tiveron unha dobre tarefa: por un lado un labor lexislativo e por outro a redacción dunha Constitución:

- **O labor lexislativo:** O esencial do seu labor lexislativo respondeu a dous obxectivos básicos:
 - Elaborar unha constitución como eixe dun novo réxime político
 - Promover unha serie de reformas de carácter socioeconómico para acabar cos privilexios do Antigo Réxime.
 - As Cortes de Cádiz elaboraron tamén unha serie de leis fundamentadas na propiedade privada e na liberdade de mercado. Así, lexislaron os seguintes aspectos:
 - * Abolición dos señoríos xurisdiccionais (da nobreza e clero) e dos privilexios de orixe feudal.
 - * Estableceron unha nova concepción da propiedade privada, baseada na idea de que debía ser libre e plena.
 - * Avogaron pola liberdade de comercio e industria e pola liberdade de contratación dos traballadores, o que supuxo a supresión dos gremios.
- A **Constitución:** promulgada o **19 de marzo de 1812** (por iso se lle chama "A Pepa")
 - Recollía o espírito e as ideas liberais que establecían un modelo político baseado:
 - na soberanía da nación (**soberanía popular**),
 - a participación da cidadanía a través do **sufraxio universal masculino** indirecto (o activo, porque o pasivo segue sendo censatario).

- e a **monarquía** como forma de goberno, pero cun poder restrinxido e limitado pola Constitución.

- Establecíase unha ríxida separación de poderes:

- **poder executivo** era exercido polo monarca (xefe de Estado e de Goberno).
- **poder lexislativo** compartido entre as Cortes e o monarca, onde as leis eran elaboradas polas Cortes, pero promulgadas polo monarca, coa posibilidade por parte deste de exercer o dereito de veto suspensivo. As Cortes eran unicamerais.
- Finalmente, o **poder xudicial** estaba en mans dos tribunais de xustiza coa posibilidade de realizar xuízos con xurado popular para determinados tipo de delitos.

- Os **dereitos e liberdades** dos cidadáns aparecían, distribuídos ao longo do articulado da constitución, especialmente a liberdade de imprenta e de opinión, a igualdade de todos ante a lei e ante as cargas do Estado sexan estas fiscais (pago proporcional á riqueza) ou militares (servizo militar obrigatorio). Recoñeciase a propiedade individual como un dereito básico garantido polo Estado e para asegurar a orde pública e a defensa das liberdades contéplase un corpo de seguridade, a **Milicia Nacional**.

- Respecto á **cuestión relixiosa**, a Constitución determina a confesionalidade do Estado, declarando a relixión católica como única e oficial.

En síntese, trátase dun texto revolucionario no senso de alterar as bases políticas e sociais do Antigo Réxime, pero tamén facía concesións á tradición na declaración do Estado confesional.

Nin a Constitución nin as leis emanadas das Cortes tiveron una aplicación práctica polo estado de guerra no que se vivía. Fernando VII, a súa volta, derogou a Constitución e a obra lexislativa das Cortes de Cádiz, pero significou un referente e unha inspiración dos textos posteriores.



TEMA 13: A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII E DO ABSOLUTISMO (AS ETAPAS DO REINADO).

O reinado de Fernando VII ten 3 etapas:

- O Sexenio Absolutista: 1814-1820.
- O Trienio Liberal: 1820-1823.
- A Década Absolutista: 1823-1833.

1ª etapa: O Sexenio absolutista:

A finais de 1813, Napoleón, presionado polas súas dificultades e derrotas, devolve a Coroa española a Fernando VII (Tratado de Valençay). Este chega a España na primavera de 1814 sendo recibido cun grande entusiasmo popular. Desembarca en Valencia coincidindo coa publicación do **Manifesto dos Persas**, asinado por 69 deputados absolutistas. O rei quere gobernar baseándose na soberanía absoluta e rexeitando todas as novas ideas liberais. Deste xeito, apoiado por gran parte dos eclesiásticos, dos xefes militares (xeneral Elío) e do pobo, que identificaban as reformas liberais como agresións á relixión e ás costumes tradicionais, asina o decreto de Valencia (4 de maio de 1814), que supuxo un golpe de Estado xa que **declara nulos tanto a Constitución de 1812 como todos os decretos elaborados polas Cortes durante a súa ausencia.**

A restauración da monarquía absoluta conlevou a disolución das Cortes e o restablecemento das vellas institucións do Antigo Réxime: a Inquisición, os señoríos xurisdicionais, privilexios fiscais da nobreza e do clero, etc.

Moitos liberais foron arrestados e outros marcharon ao exilio. Resultado disto foi o primeiro exilio da España contemporánea, que afectou a afrancesados e liberais. Os seus destinos foron Reino Unido e Francia, desde onde promoveron continuas conspiracións para establecer un sistema constitucional.

Pero Fernando VII tivo que facer fronte nesta etapa a unha serie de problemas:

- Loita pola **independencia nas colonias americanas**: para o que tivo que destinar cartos da facenda e enviar tropas.
- **Inestabilidade política**: os gobernos eran incapaces a manterse no tempo e os ministros acababan sendo destituídos cada pouco tempo.
- **Crise financeira do Estado**: o Estado aumentaba o déficit de Facenda (gastaba máis do que ingresaba) e as reformas fiscais non saían adiante, coma por exemplo o fracaso do sistema de contribución única de Garay.
- **Pronunciamentos** e conspiracións dos liberais: trátase do levantamento de parte do exército, que se pronuncia a favor da substitución da monarquía absoluta por unha monarquía liberal inspirada nos principios da Constitución de Cádiz. Entre 1814 e 1820 houbo ata oito por exemplo o de **Porlier en 1815** en A Coruña) aínda que só o de xaneiro de 1820 tivo éxito.

2ª etapa: Trienio Liberal

En **xaneiro de 1820**, ao mando das tropas preparadas en Andalucía para ir combater aos independentistas americanos, o tenente coronel **Rafael del Riego**, esixiu en Sevilla o restablecemento da Constitución do 12. Ese levantamento foi secundado en Galicia.

Ante o triunfo liberal, Fernando VII viuse obrigado a aceptar a Constitución o 10 de marzo de 1820. Os Gobernos liberais restableceron a lexislación aprobada polas Cortes de

Cádiz: Constitución, Cortes, eleccións baseadas no sufraxio universal indirecto, Milicia Nacional...

Ademais deron un novo pulo as transformación sociais, económicas e administrativas.

As diferenzas entre os liberais sobre temas como a necesidade ou non de modificar a Constitución, o poder da Coroa, a participación política ou a soberanía da nación, deron lugar á aparición de dúas correntes, os moderados e os exaltados.

- **Os moderados** (doceanistas), que eran os veteranos que buscaban reformas moderadas baseadas no compromiso coas antigas clases dominantes e o rei, a quen estaban dispostos a dar máis poder.

- **Os exaltados**, (vinteanistas), os máis novos e radicais, que querían acelerar as reformas e eran partidarios dun liberalismo máis "popular".

Esta división liberal favoreceu os intentos absolutistas de restaurar o Antigo Réxime, contando co apoio de Fernando VII, que nunca se acatou sinceramente á imposición da Constitución.

En 1822, os exaltados accederon ao Goberno, o que aumentou a presión internacional. O medo a que a revolución liberal se estendese por Europa fixo que as potencias absolutistas (Austria, Francia, Prusia, Rusia) que formaban a Santa Alianza (acordo de axuda mutua para defenderse dos intentos de revolución liberal: defensa do trono e do altar, trala caída de Napoleón) decidisen intervir en España para restaurar os dereitos reais de Fernando VII. Deste xeito, un exército francés, popularmente coñecido como os **Cen Mil fillos de San Luís**, dirixido polo Duque de Angulema, invadiu España en abril de 1823, sen apenas atopar resistencia. O 1 de outubro de 1823 Fernando VII restauraba o seu poder absoluto e ordenaba unha persecución contra os liberais.

3ª etapa: A Década Absolutista

Unha vez restaurado o absolutismo Fernando VII procedeu a:

- Abolición reformas liberais: derogación da Constitución de Cádiz e restablecemento do sistema señorial.
- Acentuación da represión e depuración política: persecución, encarceramento e fusilamento de líderes liberais destacados.
- Intentos de reforma fiscal e administrativa: para paliar as dificultades de Facenda e o atraso da administración do estado.

Pero incrementase a crise de facenda pola perda das colonias americanas que foron proclamando e logrando a súa independencia ao longo destes anos.

O final do reinado vai estar marcado pola **crise sucesoria**:

En 1829, Fernando VII casara con María Cristina de Borbón e do seu matrimonio naceran dúas fillas: Isabel e Luisa Fernanda, pero a Lei Sálica, introducida por Felipe V en 1700, impedía a sucesión no trono ás mulleres. O rei quería asegurar a sucesión e en **1830 ordena publicar a Pragmática Sanción que derogaba a Lei Sálica**.

En outubro de 1830 nacía a futura **Isabel II** e proclamada herdeira da Coroa. Esta decisión orixinou un grave problema dinástico, pois Carlos, o irmán do rei, e os realistas puros opuxéronse a esta medida.

En 1833, morreu Fernando VII e Carlos reclamou a Coroa de España, ao mesmo tempo que a raíña María Cristina facía o mesmo para a súa filla Isabel. O choque de



IES Virxe do Mar

ESQUEMAS-RESUMOS. TEMAS S. XIX. AMPARO VÁZQUEZ LORES. CURSO 2025-2026

intereses propiciou o estoupido da guerra carlista e a oportunidade de que os liberais recuperasen o poder.



IES Virxe do Mar

TEMA 14: A CONSTRUCIÓN DO ESTADO LIBERAL (PRINCIPIOS DO LIBERALISMO E DIFERENZAS ENTRE AS DIFERENTES FAMILIAS POLÍTICAS)

Cronoloxía: 1833-1868. Neste período o sistema liberal impónse en España e dáse por rematado o sistema absolutista e con el o Antigo Réxime. O proceso de confrontación entre os dous modelos políticos xa comezara entre 1808 e 1833. A partir da morte de Fernando VII a opción liberal acabará por impoñerse.

Períodos:

- **1833-1843. Período das Rexencias:** M^a Cristina (1833-1840) e Espartero (1840-1843). Na rexencia de María Cristina ten lugar a I guerra civil carlista.
- **1843-1868 : reinado de Isabel II.** Ten 3 etapas: Década Moderada (1844-1854); Bienio Progresista (1854-1856); os derradeiros anos do reinado (1856-1868).

O triunfo do liberalismo fronte ao Antigo Réxime converteuno na ideoloxía dominante. Pero, á hora de levar á práctica os seus principios políticos e económicos, existiron fortes diferenzas que causaron a súa división en varias tendencias. As diferenzas xiraron principalmente arredor de cinco aspectos:

1. a soberanía do poder
2. a separación e exercicio dese poder
3. o réxime de dereitos e liberdades, especialmente o dereito ao sufraxio
4. a cuestión relixiosa
5. a forma de organización territorial do Estado.

En síntese, pódense distinguir dúas correntes básicas ou tendencias dentro da ideoloxía liberal: o **liberalismo doutrinario** e o **liberalismo democrático**.

En liñas xerais, distínguense tres grandes familias políticas liberais: **os moderados**, **os progresistas** e **os demócratas** (estes, a súa vez, divididos en monárquicos e republicanos).

Pola súa parte os sistema político liberal caracterízase polo seguinte en canto a partidos políticos e sistema electoral:

- **Os partidos políticos** do século XIX eran moi distintos aos actuais. Tratábase de agrupacións de persoas influentes e poderosas (notables) e non constituían partidos con programas elaborados senón correntes de opinión ou "camarillas", vinculadas por relacións persoais ou por intereses económicos.

- A escasa participación nas eleccións facía do pobo, analfabeto e sumido na pobreza, un mero espectador da vida política, centrada en Madrid, sede do goberno, da coroa e das institucións. Consecuencia disto, foi **un sistema electoral no que só participaban os maiores contribuíntes**.

En canto aos partidos políticos deste período e as súas características ideolóxicas son os seguintes:

ABSOLUTISTAS	CARLISTAS: volta ao AR: absolutismo monárquico, privilexios forais e estamentais, restauración da Inquisición. Apoiados pola nobreza reaccionaria e os campesiños temerosos do liberalismo.
	MODERADOS: son os liberais doutrinarios. Soberanía compartida Rei-Cortes. Maiores atribucións á Coroa. Partidarios da "orde". Estado e administración centralizados (alcaldes nomeados pola Coroa). Sufraxio censatario moi restrinxido. Dereitos individuais limitados. Foron os predilectos do monarca e

LIBERAIS	representaban ás clases máis altas. Líder: Narváez
	PROGRESISTAS : herdeiros dos "exaltados". Soberanía nacional. Sufraxio censatario menos restrinxido. Maior poder para as autoridades locais. defenden a Milicia Nacional. Menos poderes para o rei que estará controlado polas Cortes. Defensores do librecambismo. Apoiados por clases medias e burguesía industrial. Maior liberdade de culto. Líder: Espartero
	UNIÓN LIBERAL : xurde no Bienio Progresista. Soberanía compartida e orde social. termo medio entre progresistas e moderados. Líder: O'Donnell
	DEMÓCRATAS : aparecen en 1849. Soberanía popular, sufraxio universal masculino, poderes do monarca limitados, Milicia Nacional, amplos dereitos.

En todo este proceso de construción do estado liberal tivo grande importancia o papel que xogou o exército mediante a súa intervención constante no cambio de gobernos: As guerras carlistas fixeron que o exército se convertese na única garantía da pervivencia no trono de Isabel II. Tamén foi un apoio indispensable para forzar á Coroa a entregar o poder a moderados ou a progresistas. Produciuse xa que logo, unha "militarización" da vida política, unha institucionalización do recurso ao exército por parte dos partidos políticos. Os xefes dos partidos políticos eran altos cargos militares (Narváez, Espartero, Prim, O'Donnell).

A evolución política podémola sintetizar nas seguintes etapas:

1º Período das rexencias (1833-1843): comeza coa rexencia de M^a Cristina na que compre salientar:

- O Estatuto Real (1834): redactado por Martínez de la Rosa. Era máis unha Carta Outorgada que impoñía un sistema bicameral e non contiña declaración de dereitos.
- A reforma provincial de Javier de Burgos: substituía o sistema provincial do AR e establecía 50 provincias (Galicia pasaba de ter 7 ás 4 actuais).
- Os gobernos dos progresistas: comezan a transición cara o sistema liberal. Levan a cabo a **desamortización de Mendizábal** (1836) e tras o Motín dos Sarxentos da Granxa aproban a **Constitución de 1837**, que recolle os principios do partido progresista.
- **A guerra carlista** (1833-1839): remata coa derrota dos partidarios de Carlos M^a Isidro, polo tanto coa derrota dos partidarios de manter o absolutismo coa figura do irmán de Fernando VII.

En 1840, despois dun pronunciamento, accede á rexencia Espartero. Completa a desamortización de Mendizábal, derroga a lei Municipal dos moderados que permitía que a Coroa nomease aos alcaldes, impón unha política librecambista.

2º Década Moderada (1844-1854): en 1843 un pronunciamento encabezado por Narváez depón a Espartero e adianta a maioría de idade de Isabel II. Entre as medidas adoptadas destacan:

- Creación da Garda Civil.
- Reforma educativa de Gil y Zárate.
- Reforma fiscal de Mon e Santillán: combinaba impostos directos e indirectos.
- Achegamento á Igrexa: paralizan a venda de bens desamortizados e asinan o Concordato de 1851.
- Constitución de 1845: substitúe á de 1837 e impón os principios do liberalismo doutrinario dos moderados.



3º Bienio Progresista (1854-1856): comeza cun pronunciamento militar (**Vicalvarada**) e coa publicación do Manifesto de Manzanares. Entre o labor do goberno destaca:

- Restauran a Constitución de 1837 e redactan un proxecto de **Constitución novo (1856)** que non chegará a poder ser aprobado (Constitución non nata).
- **Desamortización de Madoz:** completaba a de Mendizábal e afectaba a bens comunais.
- Apróbase a Lei de Ferrocarrís (1855).

4º Os derradeiros anos (1856-1868): volven os moderados ao poder. Os primeiros anos a Unión Liberal impón a súa hexemonía. Apróbase a Lei Moyano en educación. A partires de 1863 aumenta a inestabilidade política e desde 1866 vívese unha crise económica, que combinada coa unión da oposición política (Pacto de Ostende), o incremento da oposición intelectual (Noite de San Daniel) e o desprestixio da raiña, farán que en 1868 un pronunciamento militar (o de Topete en setembro de 1868 en Cádiz) derive nunha revolución que acabará co reinado de Isabel II.



TEMA 15: A REVOLUCIÓN GLORIOSA E A CONSTITUCIÓN DE 1869.

O período histórico comprendido entre 1868 e 1874 coñécese como Sexenio Democrático porque, por primeira vez, o sufraxio universal e os dereitos sociais aparecen na vida política española; ao mesmo tempo durante estes anos sucédense unha serie de importantes acontecementos: un cambio de dinastía, unha república... ata que de novo retorna a Monarquía Borbónica.

O malestar político, económico e social conduciu ao levantamento do almirante Topete na baía de Cádiz o 19 de Setembro de 1868. **As causas** da revolución podémolas clasificar en:

- **Políticas:**

- Descrédito da monarquía borbónica.

- Inestabilidade e división política dos grupos tradicionais unido ao desgaste político dos moderados, sen capacidade para resolver os problemas nun marco dominado pola corrupción e a represión.

- A expansión do ideario democrático: soberanía popular, sufraxio universal masculino, rixida separación de poderes, maiores dereitos (liberdade de expresión, asociación e reunión, liberdade de cultos) e separación igrexa-Estado, etc.

- Pacto de Ostende (agosto de 1866): asinado por progresistas, demócratas e unionistas para botar aos moderados do poder.

- **Económicas:**

- A crise agraria e crise de subsistencias: 1866, 1867-68 (subas do prezo do pan e motíns populares).

- Crise financeira (caída da Bolsa e das accións ferroviarias)

- Crise industrial na industria téxtil catalá derivada da carestía do algodón americano pola Guerra de Secesión nos Estados Unidos.

- **Sociais e ideolóxicas:**

- A revolta estudantil na loita de San Daniel (1865) reclamando a liberdade de cátedra.

- O levantamento dos Sarxentos do cuartel de San Gil (1866): mostraba o descontento de parte da oficialidade media do exército.

- A influencia das ideas krausistas e das do movemento obreiro ligadas estas últimas á creación da I Internacional (1864).

Os comezos:

Iniciábase a revolución en Cádiz, cun pronunciamento (ou levantamento militar) das tropas da Mariña baixo o mando do almirante Topete. Este acto deu paso a un movemento revolucionario coñecido como "A Gloriosa", que foi o resultado dunha alianza entre progresistas e unionistas, coa aprobación dos demócratas; aínda que interviñeron militares de prestixio (Prim, Serrano, Primo de Rivera, etc.), houbo unha presenza destacada de civís das clases burguesas; o obxectivo era derrocar á raíña, non acabar co goberno.

Pouco despois, os sublevados venceron as tropas leais á raíña na batalla de Ponte de Alcolea (Córdoba). En paralelo a este clásico pronunciamento militar, xurdiron numerosas xuntas revolucionarias que reclamaban o sufraxio universal e a liberdade de

prensa, ensino e asociación e a abolición dos impostos de consumo e da redención de quintas. Hai pois unha unión de pronunciamento e revolución social.

Formáronse xuntas revolucionarias en toda España, pero a deriva radical foi cortada con rapidez. As xuntas estiveron dominadas polas chamadas á orde e a preservar a propiedade, sen demandas radicais. No fondo tratouse dunha revolución “falseada”, xa que as xuntas e os movementos de base popular foron enseguida excluídos ou perseguidos. O fin, pois, desta revolución era completar a transición iniciada en 1833 cara a unha sociedade burguesa, apoiada nun sistema capitalista eficaz dominado por homes de negocios vinculados ao poder político.

O goberno provisional:

O 3 de outubro, a xunta revolucionaria encomendaba ao xeneral Serrano a formación dun goberno provisional, que se constituíu o día 8, trala chegada do xeneral Prim. Inmediatamente establecía a disolución das xuntas. outras medidas do goberno provisional foron:

- Recoñecemento de: liberdade de imprenta, reunión e asociación, do sufraxio universal
- Reforma da ensinanza: liberdade de cátedra.
- Democratización de Concellos e Deputacións.
- Supresión do imposto de consumos. Substituído por un imposto persoal e universal.
- Creación da peseta como moeda única para todo o Estado.
- Desamortización do subsolo e adopción dunha política librecambista.

Pero as medidas do goberno provisional frustraron as aspiracións que puxeran as clases populares na revolución, xa que: non se implantou a República, mantívose o culto ao clero, o campesiñado non obtivo as terras en propiedade e a clase obreira acabou buscando refuxio político nas ideas da Internacional.

En xaneiro de 1869 producíronse eleccións a Cortes constituíntes, mediante sufraxio universal masculino, con maioría de progresistas e unionistas, pero cun notable grupo de deputados republicanos. As Cortes ocupáronse de elaborar unha nova constitución. esta Constitución de 1869 será a primeira verdadeiramente democrática na historia de España.

A Constitución de 1869:

Inspirada nos principios do liberalismo democrático estableceu:

- **Soberanía nacional** de base popular
- Clara **separación de poderes**
- Rei exerce o poder executivo a través dos seus ministros, libremente escollidos e responsables ante as Cortes, sanciona e promulga as leis sen capacidade de vetalas, e pode suspender e disolver as Cortes pero só unha vez por lexislatura e estas deben reunirse tras un prazo fixado. É dicir, está suxeito á soberanía nacional. Cuestionouse a necesidade dunha nova dinastía.
 - **Cortes bicamerais** formadas polo Congreso e o Senado, elixidos por sufraxio universal masculino. Asumen en exclusiva o poder lexislativo, controlan as accións do goberno e aproban os orzamentos.
 - **Poder xudicial** está en mans dos tribunais formados por xuíces, nomeados a través dun sistema de oposicións, e **xurados con participación popular**.



• **Dereitos e liberdades** individuais recollidos de forma explícita e ampla. Tamén se recolle **por primeira vez o dereito de asociación e de reunión.**

- **Liberdade de cultos**, eliminando a confesionalidade do Estado.

Durante este período a rexencia tivo que facer fronte a unha serie de problemas:

- Guerra colonial de Cuba.
- Oposición activa dos carlistas e dos afonsinos.
- Acoso dos republicanos.
- Descontento das clases populares.

A todo iso sumábaselle o feito de que había que atopar un monarca que ocupase a xefatura do Estado. Logo de examinar diversos candidatos, Prim logrou convencer a Amadeo de Saboia para que aceptase o trono de España e reinase como Amadeo I, xa que a Constitución establecía que España era unha monarquía. Pero o asasinato de Prim pouco antes de que Amadeo chegase a España deixaríao desde o principio sen o seu principal valedor e apoio. Amadeo reinaría de 1871 a 1873 e a súa renuncia ao trono desembocaría na I República.





TEMA 16 : A PRIMEIRA REPÚBLICA (PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL E CANTONALISMO)

Tras a renuncia ao trono de Amadeo I en febreiro de 1873, polas distintas dificultades presentes no seu reinado (entre elas a crecente oposición republicana que, durante este breve reinado, tenta conseguir o apoio popular necesario para instaurar a República), o Congreso e o Senado reúnense conxuntamente, formando a Asamblea Nacional, e deciden proclamar o **11 de febreiro de 1873 a República**, a pesar de ser maioritariamente monárquicos. A mesma Asamblea Nacional asume todos os poderes e nomea presidente do poder executivo a Estanislao Figueras, quen exercería de xefe do Estado e do Goberno.

O esforzo para construír un novo modelo de Estado bateu con múltiples dificultades:

- A súa cuestionada lexitimidade, ao proclamarse en sesión conxunta de ambas cámaras, constituída en Asemblea Constituínte, algo que non permitía a Constitución de 1869.
- A diversidade de correntes e proxectos políticos de federais e radicais, cada un cun modelo de república.
 - **os unitarios** defendían a creación dunha república unitaria.
 - **os cantonalistas** defendían a configuración dunha federación construída a partir da unión voluntaria dos cantóns (unidades políticas inferiores que proclamarían a súa soberanía).
 - **os federais gradualistas** (dirixidos por Pi i Margall) defendían a idea de que unhas Cortes constituíntes da nación española decidisen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación.

O primeiro presidente do poder executivo foi Estanislao Figueras (era á vez xefe de estado e de goberno), con Nicolás Salmerón, Pi i Margall e Castelar como ministros e proclamouse unha república unitaria. Os republicanos unitarios (Emilio Castelar) eran partidarios dun Estado centralizado (non federal) e de posturas máis conservadoras desde o punto de vista político e social. Mantívose a Constitución de 1869, suprimindo só os artigos referidos á monarquía. Un mes despois, disolvíase a Asemblea tras abolirse a escravitude en Porto Rico e suprimírense as quintas.

Con maioría republicana federal, as novas Cortes constituíntes proclamaron a república democrática federal en xuño.

O Partido Demócrata Republicano Federal nace en 1868 debido a unha escisión do Partido Demócrata e estaba dirixido por Francisco Pi i Margall. Propugna a realización dun sistema de pactos libremente establecidos entre os pobos ou rexións históricas de España como forma de articular o Estado, é dicir, o Goberno Central renuncia a parte das súas atribucións.

Francisco Pi i Margall intentou conciliar as dúas correntes republicanas. Pero os problemas que tiña que afrontar eran case insuperables: dúas guerras (a carlista e a de Cuba) e diversos cambios de goberno para contentar á dereita republicana.

Pi i Margall quería negociar con carlistas e republicanos, impacientes, pero en xullo de 1873 produciuse en Alcoy unha folga xeral que derivou en insurrección xeneralizada. A

folga reprimiuse con dureza. Enseguida xurdiron os **cantóns**, que proclamaron a **república federal**.

O cantonalismo produciuse como reacción defensiva ante a posible dereitización da república e como medio de presión para implantar a república federal. O seu obxectivo era levar o federalismo ata as súas últimas consecuencias: democracia directa, autonomía de municipios e deputacións, supresións de consumos e quintas, repartición da terra, anticlericalismo e defensa das clases medias e populares.

Pero en ningún caso cuestionaron a unidade de España, a pesar de fragmentar o Estado en cantóns independentes. O movemento cantonal de 1873 dividiu aos republicanos federais entre **transixentes**, dirixidos por Pi i Margall, que defendían a configuración da federación desde arriba, é dicir, que unhas Cortes constituíntes decidisen e organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación; e **intransixentes** ou cantonalistas, que defendían que a federación debía facerse dende abaixo, mediante a proclamación inmediata da soberanía das unidades políticas inferiores, os Estados ou Cantóns, para construír desde eles a federación española.

Baixo a presidencia de Pi i Margall estouraron focos de insurrección cantonalista en Levante (o **cantón de Cartaxena** foi o primeiro en constituírse), e Andalucía, que o presidente se negou a reprimir e o goberno entrou en crise. Nicolás Salmerón substituíu a Pi na presidencia da república, e dedicou todas as súas forzas a sufocar o movemento cantonalista e a guerra carlista no norte; pero para iso tivo que apoiarse no exército e acceder ás súas peticións de restaurar a autoridade e a orde. Nun mes caeron os principais cantóns andaluces e valencianos. Os últimos en someterse foron Málaga e Cartaxena (este último en xaneiro de 1874).

Pi i Margall presentara ás Cortes un proxecto de constitución para a república federal. O 11 de agosto comezou a discusión do proxecto, xa con Salmerón no poder. A **Constitución non nata de 1873** elaborada apresuradamente por Emilio Castelar pretendía consolidar as liberdades e a democracia alcanzadas en setembro de 1868, crear unha división territorial que asegurase a federación e a unidade nacionais, e delimitar os poderes públicos para que sempre foran democráticos.

- A parte máis interesante era a que establecía a estrutura territorial do Estado, **integrado por 17 estados federais**. Todos podían elaborar a súa propia constitución e organizarse con total liberdade, sempre que respectasen a constitución federal.
- Asumíase a **declaración de dereitos da constitución de 1869**.
- **A xefatura** do Estado correspondía ao presidente da república, elixido por sufraxio universal. O presidente da república nomeaba ao presidente do goberno e aos ministros.
- **Executivo** só estaba no goberno.
- Ás Cortes correspondíalles en exclusiva o **poder lexislativo** e estaban compostas por dúas cámaras: o Senado, representativo dos estados federados, e o Congreso, elixido por sufraxio universal dos homes maiores de 21 anos.
- Establecíase a **separación Igrexa-Estado** e tamén a sanción civil dos matrimonios, nacementos e defuncións.
- Tamén estaba recoñecida a **autonomía municipal**.



En setembro de 1873 Castelar, un centralista, ocupaba a xefatura da República. Pero as disensións internas e a falta de confianza das Cortes en Castelar despexaron o camiño para que en **xaneiro de 1874** o xeneral **Pavía** entrase no Congreso e púxese fin ao goberno republicano.

A partires de aí o xeneral Serrano asume o poder e instaura unha ditadura que se prolonga ata **decembro de 1874** cando o pronunciamento de **Martínez Campos** pon fin a esta etapa e abre as portas á volta da monarquía borbónica.



TEMA 17: A RESTAURACIÓN (RETORNO DA MONARQUÍA E CONSTITUCIÓN DE 1876, E VIDA POLÍTICA)

Tras o pronunciamento de Martínez Campos en 1874, chegou Alfonso XII a España e nomeou como presidente do Goberno a **Cánovas del Castillo** (liberal conservador pero pragmático) que sentou as bases políticas do novo réxime.

Cánovas analizou a estabilidade do modelo político de Gran Bretaña e a propia historia de España para xustificar a recuperación do sistema de dobre confianza entre o rei e a Cortes propio do liberalismo doutrinario. A Coroa representaba a tradición e a unidade española e as Cortes representaban a vontade da nación.

Segundo as súas ideas a monarquía debía ser constitucional doutrinaria e o Goberno debía contar cunha dobre confianza: a da Coroa e a da Cortes.

Para iso Cánovas conseguira en 1870 que Isabel II renunciase ao trono en favor do seu fillo e creou logo o partido afonsino (en oposición ao goberno do Sexenio democrático). O Goberno debía ser nomeado pola Coroa pero para desempeñar a súa tarefa tiña que contar coa maioría parlamentaria nas Cortes. Se era necesario, utilizábase a manipulación dos resultados electorais a través da fraude e dos caciques.

O sistema da Restauración coñécese tamén co nome do seu ideólogo, Antonio Cánovas; sendo o **Manifiesto de Sandhurst** (redactado por Cánovas en 1874, e asinado por Don Afonso na academia militar onde se formaba –Sandhurst–), onde se recollen as ideas básicas da Restauración.

BASES DA RESTAURACIÓN:

Cánovas baseaba a estabilidade no **bipartidismo**: dous grandes partidos monárquicos (un no Goberno e o outro na oposición) que se alternarían no exercicio do poder. Aplicouse o modelo inglés en España e desta maneira apareceron o Partido Conservador liderado por Cánovas que incluía os antigos moderados e membros da Unión Liberal e o Partido Liberal dirixido por Sagasta formado polos progresistas e demócratas.

- **Partido Conservador** configúrose en maio de 1875 sobre os restos do Partido Moderado xunto con algúns progresistas e unionistas. Decláranse defensores da orde social e pública e dos valores establecidos pola Igrexa e a propiedade. Fan unha interpretación restritiva dos dereitos (dereito de voto só aplicable ao 4,5% da poboación, restrinxen tamén os dereitos de reunión, prensa e asociación. Contan co apoio da burguesía latifundista e financeira, a aristocracia e a xerarquía católica. A súa dereita só se atopaba o Carlismo.

- **Partido Liberal** tardou máis en formarse (1880). A súa orixe estaba na ala dereita do Partido Progresista e na esquerda da Unión Liberal. Contaba tamén con algúns demócratas e ex-republicanos moderados. Avogan polas reformas sociais, a educación e certo laicismo. Fan unha interpretación máis ampla dos dereitos (estenderán o dereito de voto á totalidade da poboación masculina en 1890). Contan co apoio da burguesía comercial e industrial, os profesionais liberais e funcionarios. Este partido representaba, polo tanto, o sector reformista da Restauración.

Ademais, Cánovas, consideraba indispensable unha **alternancia pacífica** de Goberno baseada na **quenda de mutuo acordo** entre os partidos. Cando un Goberno

tiña dificultades ou sufrira un forte desgaste a Coroa nomeaba como presidente ao xefe do partido da oposición e a continuación disolvía as Cortes convocando unhas eleccións que necesariamente tiña que gañar o partido do novo Goberno. Utilizábanse redes de influencia do rural co caciquismo para conseguir os votos necesarios no rural.

Outra idea importante deste sistema era a necesidade de **apartar ao exército da vida política e evitar os pronunciamentos**. De aí a importancia do acordo na quenda de goberno entre liberais e conservadores para garantir a estabilidade do sistema.

O sistema da quenda de mutuo acordo entre o partido gobernante e a oposición permitía garantir unha estabilidade política e evitar que a oposición recorrese ao pronunciamento. Cando o partido gobernante entraba nunha crise política, o rei chamaba ao xefe de partido da oposición para que formara novo goberno. A continuación para que este novo goberno puidera ter o respaldo das Cortes o rei procedía a disolver o Congreso e convocar novas eleccións co fin de que o resultado fora favorable ao goberno. Este mecanismo no que o goberno non sae da maioría parlamentaria senón dun acordo entre os partidos do sistema coa aprobación do rei levou ao sistema a un proceso continuo de fraude electoral e falseamento dos procesos electorais.

Fraude electoral:

Para fabricar os resultados e o reparto de escaños, o **ministro de Gobernación** reúne aos gobernadores civís de cada provincia para proceder a nomear aos candidatos e os escaños que se repartiría cada partido de acordo co papel asignado nesa convocatoria. Deste xeito, o partido do novo goberno tería un amplo dominio dos escaños da cámara. A este proceso denominóuselle **encadramento**.

Tamén se recorría ao **pucheirazo**. Cambiar o número de votos nas urnas, aumentando ou diminuindo segundo conviñera, mesmo podían "votar" os mortos (os "lázaros") se así se conseguía o resultado que se quería de antemán.

Caciquismo:

Para que este proceso culminara de acordo ao previsto era imprescindible contar coa intervención inestable dos **caciques**. O estreito control do voto que exercían os caciques, base do sistema, sobre as eleccións periódicas, xerou unha cadea de favores e adhesións persoais que impedía no ámbito rural, non así no medio urbano, unhas eleccións libres.

Outro pilar do seu pensamento político (de Cánovas) en aras da estabilidade era o de devolverlle á Igrexa o seu prestixio perdido durante o sexenio democrático, principalmente no campo educativo.

Cánovas convocou eleccións constituíntes e as novas Cortes, con maioría de deputados do Partido Conservador, aprobaron a **Constitución de 1876** que era un híbrido entre a doutrinaria do 45, para as cuestións principais de funcionamento, e a do 69, en materia de dereitos.

CONSTITUCIÓN DE 1876:

Esta constitución foi aprobada por unhas Cortes elixidas mediante sufraxio universal masculino, e responderá a unha monarquía constitucional, doutrinaria e conservadora.

Deixaba moitos aspectos sen concretar que quedaban nas mans dos partidos gobernantes.

Os seus trazos máis importantes son :

- **Soberanía compartida** entre a Coroa e as Cortes.
- Rei terá amplas prerrogativas
- A potestade de **facer as leis reside nas Cortes co rei**.
- **Sistema bicameral**: Congreso de Deputados (elixidos por sufraxio censatario) e Senado (haberá senadores vitalicios, por dereito propio e elixidos).
 - Dereito ao sufraxio deixábase sen concretar. Dúas leis electorais concretarán o sufraxio posteriormente (**lei de 1878: sufraxio censatario e lei de 1890: sufraxio universal masculino**).
 - Contaba cunha ampla e minuciosa declaración de dereitos recollidos de forma xeral pero a súa concreción remitíase a leis ordinarias, que polo xeral tenderon a restrinxilos, especialmente os dereitos de imprenta, expresión, asociación e reunión. As sociedades obreiras quedaban fóra da lei.
 - **Confesionalidade católica do Estado** pero ao mesmo tempo deixábase liberdade relixiosa aínda que limitada ao ámbito privado (as outras relixións non poderían celebrar os seus cultos en público).
 - Artigo 17 establecía a suspensión de garantías constitucionais no caso de que a seguridade interna do Estado así o esixira; isto deixaba a porta aberta a unha ditadura legal dos afonsistas.

Coa fin de estabilizar a situación política á morte de Afonso XII (1885), conservadores e liberais asinaron o **Pacto do Pardo** coa rexente, polo que todos acordaron garantir a permanencia do réxime e a vixencia da quenda pacífica no Goberno, manténdose a rexente á marxe do xogo político. Como ratificación do acordo, Cánovas dimitiu e Sagasta foi de novo chamado a gobernar pola rexente; o sistema da quenda pacífica quedaba así definitivamente consolidado. Ese acordo alonxaría a tentación do pronunciamento.

Outro pilar do seu pensamento político en aras da estabilidade era o de devolverlle á Igrexa o seu prestixio perdido durante o sexenio democrático, principalmente no campo educativo.

Por último, era esencial que en materia de dereitos á cidadanía, os partidos do sistema realizaran os avances a partir dun pacto, o que se denominou transaccionismo

Este **turnismo** manifestouse nas diferentes etapas que podemos identificar ata finais de século:

- De 1876 a 1881: o dominio conservador.
- De 1881 a 1885: consolidación do sistema co primeiro goberno liberal.
- De 1885 a 1890: é o goberno longo liberal. Aprobouse o sufraxio universal, a lei de asociacións (legaliza sindicatos e partidos obreiros), a lei de xurados...



O turnismo funcionou con regularidade ata o ano 1898, cando o impacto da crise erosionou aos partidos políticos e sobre todo, aos dinásticos rompéndose o monopolio; pero a quenda, aínda que desprestixiada e dividida polas discrepancias internas e sen a forza dos anos anteriores, conseguiu sobrevivir ata o ano 1923.

En síntese, o réxime político establecido na Restauración borbónica foi unha monarquía constitucional doutrinaria favorable aos intereses sociais, políticos e económicos das clases burguesas e aristocráticas, que mantivo fóra do xogo político á maioría do país. Un réxime pligárquico, clerical en moitos aspectos, sen democracia, pseudoparlamentario, cunha clase política formada por camarillas de notables unidos para poder ocupar cargos públicos nun Estado invertebrado e débil no que o caciquismo constituía a verdadeira estrutura político-administrativa do goberno dos pobos. Un réxime que manifestaba un profundo egoísmo social dos grupos dominantes, que pretendían asegurar o monopolio do poder e a súa hexemonía.



TEMA 18 : A CUESTIÓN NACIONAL NO ÚLTIMO TERZO DO SÉCULO XIX

No último terzo do século XIX, a imaxe do acontecido noutros lugares de Europa, en España desenvolvéronse os rexionalismos e nacionalismos. Estes movementos, opostos á política centralizadora da Restauración, xurdiron sobre todo en territorios periféricos dotados de elementos culturais diferenciados.

O nacionalismo catalán:

No caso catalán, á altura de 1830 o movemento literario da Renaixença impulsou un proceso de recuperación da cultura e a lingua propias, apoiado pola burguesía industrial catalá, na que asenta as súas bases sociais o catalanismo.

Durante a Primeira República empeza a adquirir un carácter político que na Restauración vai adoptar dous modelos:

- Unha postura procedente do republicanismo federal catalán, que reclamaba a soberanía para Cataluña. O seu principal defensor foi **Valentí Almirall**.
- Outra, máis moderada, que defendía desde posicións rexionalistas a idea dunha Cataluña singular dentro dunha España plural.

O paso do catalanismo cultural ó político tería lugar nos anos 80, cunha orientación rexionalista, que aspiraba a lograr un maior autogoberno para Cataluña.

A creación da Unión Catalanista en 1891, e as súas demandas de restauración das institucións históricas e traspaso de competencias, suporían un novo paso no proceso de afirmación catalanista. Un paso importante foi tamén a entrega a Afonso XII en 1885 do **Memorial des Greuges**, con reivindicacións políticas e económicas en defensa do proteccionismo e dunha maior atención para os intereses de Cataluña.

Coas **Bases de Manresa** (1892), nas que se reivindicaba o autogoberno (Cortes catalás, oficialidade do idioma, cargos públicos só para cataláns, España confederal.), o catalanismo adquiriu un carácter de orientación tradicionalista e burguesa.

Será a principios do século XX cando adopte unha orientación nacionalista, baixo o impulso de **Prat de la Riba**. En 1901 creouse a Lliga Regionalista, primeiro gran partido do nacionalismo catalán.

O nacionalismo vasco:

Xurdiu de dous feitos: **as guerras carlistas**, que acabaron coa **abolición dos foros** (1876), e o **proceso industrializador**, que trouxo numerosos inmigrantes doutras zonas españolas transformando rapidamente a sociedade vasca tradicional.

Os principais dirixentes do nacionalismo vasco como **Sabino Arana**, procedían do carlismo e tiñan o apoio da Igrexa. En 1895 Arana fundou na clandestinidade, o **Partido Nacionalista Vasco (PNV)** que reivindicaba a raza, a lingua e os costumes tradicionais do pobo vasco. O seu ideario identificaba a etnia e cultura tradicionais como elementos vertebradores do territorio que denominou Euskadi.

Durante a Restauración, a burguesía vasca, enriquecida coa industria, apoiou o sistema canovista; e a clase obreira distanciouse do nacionalismo debido a súa vinculación cos sectores máis tradicionais e non coas súas reivindicacións.



O galeguismo:

No caso de Galicia a diferenza dos cataláns e dos vascos, hai que ter en conta unha serie de peculiaridades que explican a diferente evolución cara o nacionalismo. Eses trazos particulares son: é unha sociedade predominantemente rural, cunha feble burguesía propia e cunha sociedade dominada pola Igrexa e a vella fidalguía (como propietarias principais da terra).

Podemos falar dun **pregaleguismo** situado nos ilustrados do XVIII que xa criticaban o atraso económico e o colonialismo no que se atopa Galicia e defendían o idioma como símbolo de identidade cultural.

O seguinte paso, xerme do galeguismo de finais de século, sería a corrente do **provincialismo**. Nace ao redor de 1840, nun grupo de mozos vencellados á Universidade de Santiago, que forman asociacións culturais e que politicamente proceden do Partido Progresista. Consideran que Galicia é unha patria, fértil, de forte ruralidade pero sometida ao centralismo; a solución está nunha Galicia unida de novo e con autonomía administrativa. destacan nesta corrente **Antolín Faraldo** e Neira de Mosquera. Manifestarán publicamente as súas posturas coincidindo co pronunciamento de Solís (1846, Mártires de Carral). Este movemento provincialista coincide no tempo co **Rexurdimento** literario, como instrumento que reivindica a cultura e o idioma galegos.

Durante a I República o galeguismo refuxiouse no **federalismo**. Galicia é un cantón, cunha Constitución cantonal e co poder exercido só por galegos. Por 1ª vez se fala dun estatuto e dunha autonomía para Galicia. Destaca **Aureliano J. Pereira**.

O seguinte paso, no derradeiro cuarto do século, coincidindo coa Restauración é o **Rexionalismo**. Para eles a crise económica é culpa do centralismo. Galicia é unha rexión con poderes propios: Cortes rexionais, tribunais propios e unha Dieta nomeada polas Cortes. No rexionalismo distinguimos tres correntes:

- A liberal, herdeira do provincialismo, que segue encabezada por **Manuel Murguía**.
- A tradicionalista e católica, dirixida por **Alfredo Brañas**.
- A federalista, a menor de todas, da que o seu representante é Aureliano Pereira.

O programa común do rexionalismo, formulado por Murguía e Brañas, reclamaba a autonomía política de Galiza, a erradicación do caciquismo, a cooficialidade do galego, e a regaleguización do funcionariado e da cultura do país; e tamén, unha política superadora do atraso económico e da emigración.

Foi nesta época cando apareceron as primeiras organizacións en defensa da lingua (Real Academia Galega, 1906) e se fundaron os primeiros xornais para a difusión dos ideais galeguistas (A Rexión Galega, 1886; A Patria Galega, 1891; A Nosa Terra, 1907).

TEMA 25: A REFORMA AGRARIA LIBERAL: AS DESAMORTIZACIÓNS

No Antigo Réxime diversas normas, leis e prácticas cotiás condicionaban e limitaban a produción agrícola e propiedade da terra. Por iso a Burguesía Liberal consideraba imprescindible realizar unha reforma agraria. A medida máis importante desta reforma foi a desamortización. É a chamada reforma agraria liberal.

O proceso desamortizador foi a primeira peza da transformación agraria do século XIX. Seguindo o exemplo da Francia revolucionaria, desamortizar era nacionalizar os bens da Igrexa ou dos municipios para despois seren vendidos en poxa pública. Os ingresos destas vendas ían dirixidos ao saneamento da Facenda Pública. Neste sentido, cómpre destacar que os gobernos liberais progresistas eran firmes partidarios da desamortización, pero esta era rexeitada polos absolutistas e a Igrexa (que consideraba os seus bens (como propiedade sagrada e inviolable), e foi paralizada polos gobernos liberais moderados.

Pódense distinguir tres grandes etapas desamortizadoras que foron realizadas cos seguintes obxectivos:

1) Empezou con **Godoy en 1798** (durante o reinado de Carlos IV) e afectou aos bens da Igrexa (bens da Compañía de Xesús, de hospitais, hospicios, Casas de Misericordia e de Colexios Maiores Universitarios; e incluso tamén algúns bens non explotados de particulares). O obxectivo era paliar os problemas da débeda pública. A diferenza do ocorrido coas medidas desamortizadoras de Carlos III (en realidade non se tratou dunha desamortización porque o que se fixo foi entregar en réxime de aluguer, terras pertencentes aos concellos) que buscaban, aínda que de xeito moi limitado, a reforma da economía agraria (poñer en cultivo terras incultas), as desamortizacións liberais do século XIX seguirán a formulación da desamortización de Godoy. Por exemplo a de Xose I (1809) para axudar aos gastos de guerra das tropas francesas; e tamén a das Cortes de Cádiz (1813) un decreto que só se puxo en práctica durante o Trienio Liberal. Neste decreto, o Estado confiscaba os bens dos afrancesados, das ordes militares, dos conventos suprimidos ou destruídos, e os baldíos e terras dos concellos. O diñeiro obtido nas poxas íría dedicado ao pago dos intereses e dos capitais da débeda nacional.

2) Comezou coas leis do ministro de Facenda, **Mendizábal, en 1836-37** e normas posteriores. Prolongouse ata 1844 cando a súa aplicación quedou paralizada polo goberno moderado de Narváez. A desamortización de Mendizábal afectou principalmente aos bens do clero regular (conventos e mosteiros) e, desde 1841, tamén aos do clero secular (segunda etapa da desamortización eclesiástica, tamén chamada desamortización de Espartero). O seu principal obxectivo foi recadar fondos para financiar a guerra contra os carlistas (1832-1839), sanear os problemas de déficit de Facenda, debilitar ao clero que apoiaba ao carlismo, así como tamén crear “unha copiosa familia de propietarios” favorables á causa liberal. Finalmente non conseguiu sanear a Facenda, xa que os cartos recadados foron para pagar os gastos militares da guerra carlista, e tampouco creou unha clase de pequenos e medianos propietarios, xa que as terras foron compradas pola nobreza e burguesía terratenentes (que investiron así en terras en lugar de en industria).

3) Produciuse en **1855** coa lei de desamortización do ministro de Facenda Pascual Madoz (**Iei Madoz**). Afectou tanto aos bens da Igrexa coma aos de municipios e comunais. A venda prolongouse ata a etapa da Restauración, pero a maior parte vendéronse entre 1855 e 1867. Tamén neste caso un dos seus obxectivos principais foi obter ingresos para a Facenda.

Os resultados de todos estes procesos desamortizadores que configuran a reforma agraria liberal poden resumirse en:

- Como medida política foi un éxito: o réxime de propiedade da terra transformouse e o réxime liberal consolidouse.

- Desde o punto de vista socio-económico, por un lado as medidas desamortizadoras serviron para incrementar os latifundios agrarios: os compradores foron xente adiñeirada da vella aristocracia e burgueses enriquecidos que ocupaban altos cargos da administración, do exército ou da Igrexa. A terra cambiou de mans pero non se modificou o tamaño da propiedade nin se modernizaron as formas de explotación. Por outro lado, estas medidas consideráronse como unha ocasión perdida para conseguir que unha gran parte dos campesiños pobres e xornaleiros puidesen acceder á propiedade da terra xa que eses posibles compradores non tiñan capacidade para mercalas por falta de capitais. Tamén se culpou á desamortización de ter contribuído ao atraso da industrialización pola desviación dos recursos financeiros cara á compra de terras, en lugar de investilos nas actividades industriais.

- As “víctimas” (grandes perdedores) foron os campesiños, a Igrexa e os municipios. Os campesiños pasaron de ser usuarios de bens comunais ou terras de baixa renda as pagar rendas máis elevadas para cultivalas, dentro dunha relación económica propia da mentalidade capitalista (propietario-arrendatario-xornaleiro). A Igrexa perdeu gran parte do seu patrimonio inmobiliario, pero tamén o artístico e documental debido á exclaustación e ao abandono de conventos e mosteiros. Por último, os municipios perderon a súa principal fonte de ingresos, ao privatizar os bens de propios, baldíos e comunais. - Permitiu poñer en cultivo moitas terras abandonadas. A presión demográfica esixía o aumento de terras cultivadas e a desamortización resolveu en parte o problema endémico da carestía de alimentos, sobre todo de cereais.

Polo tanto, en resume, estas medidas supuxeron a desaparición das fórmulas xurídicas vinculadas á propiedade da terra do Antigo Réxime (mans mortas, morgados, décimos, tributos señoriais, ...) e a liberalización do mercado de terras. Deste proceso beneficiouse a nobreza e a burguesía, que puideron concentrar nas súas mans grandes propiedades latifundistas, especialmente no sur de España.

TEMA 26: OS PRINCIPAIS SECTORES INDUSTRIAIS E O PAPEL DO FERROCARRIL

Aínda que o inicio da industrialización en España foi moi temperán (desde as décadas iniciais do século XIX), os seus progresos foron inferiores aos dos países máis avanzados, a moita distancia das principais potencias (Gran Bretaña, EE.UU., Francia) e tamén de países que iniciaron a súa transformación económica máis tarde (Alemaña, Xapón). Por iso se fala do fracaso da revolución industrial en España, ou cando menos, da persistencia do subdesenvolvemento agrícola e dunha longa infancia industrial.

As coincidencias con outros países mediterráneos (Italia, Portugal) permiten que outros autores falen dun patrón latino de modernidade caracterizado por : lentitude e tardanza nas transformacións; menor profundidade e repercusión social; desfase evolutivo, cun atraso no crecemento no século XIX e unha recuperación no XX. A finais do século XIX a economía española seguía a ser principalmente agraria, incapaz de competir no mercado internacional, e a participación da industria na renda nacional non superaba un quinto do total.

O desenvolvemento industrial do s. XIX en España presenta fortes desequilibrios rexionais, convivindo zonas industrializadas e urbanizadas con outras atrasadas e rurais.

Cataluña constituíu a principal zona industrial de España onde o desenvolvemento téxtil propiciou a diversidade industrial de Cataluña co crecemento doutros sectores: metalurxia, química, papeleira e editorial así como as relacionadas coa transformación de produtos agrarios.

Andalucía e Levante teñen en común un inicio temperá industrializador no sector siderúrxico e téxtil que non tivo continuidade, pola competencia doutras rexións máis desenvolvidas ou con menores custos de produción (a siderurxia andaluza pola competencia do norte e os custes do transporte de carbón; o téxtil no Levante pola competencia catalá). Ambas rexións reorientáronse cara a potenciación do sector agrario (cítricos en Levante, aceite e viño en Andalucía) e tamén mineiro en Andalucía.

Asturias e País Vasco tiveron como sector clave na industrialización a siderurxia vinculada a explotacións mineiras (carbón asturiano e mineral de ferro vasco).

En Galicia o panorama industrializador foi pobre debido a competencia doutras zonas. O liño, materia téxtil por excelencia, non resistiu a competencia do algodón e foi desaparecendo mentres que a salgadura da pesca deu lugar a unha importante industria conserveira de peixe. Cabe destacar tamén a construción naval e o desenvolvemento da produción hidroeléctrica aproveitando a abundancia de cursos de auga.

A industria téxtil:

O camiño cara a industrialización foi iniciado polo sector téxtil, principalmente o do algodón. A pesar da escaseza de carbón como fonte de enerxía e a reducida demanda pola exigua capacidade adquisitiva da poboación, xurdiron, en certas zonas, fábricas de tecidos de algodón.

Cataluña foi o centro desa actividade fabril pola abundancia de man de obra, pola mentalidade empresarial e pola política proteccionista, que afastou durante boa parte do século a competencia dos produtos téxtiles ingleses. Contando cunha vella tradición artesanal, a finais do século XVIII e comezos do XIX, produciuse a constante renovación da produción téxtil coa introdución do algodón, a mecanización do seu fiado e tecido, o reinvestimento constante dos capitais e, a partir de 1832, a utilización das máquinas de

vapor. A etapa de 1830-1855 foi de expansión. Seguiu unha recesión debida á desviación de capital cara outros investimentos (ferrocarril, minas, banca...) e ao impacto da guerra de secesión de Estados Unidos, o maior produtor de algodón. A partir da liberdade de comercio de 1869 produciuse un período de recuperación, favorecida polo reforzamento do monopolio mercantil con Cuba e Porto Rico. A perda destas illas en 1898 tivo efectos demoledores sobre esta industria, que entrou nunha fase de estancamento.

En canto á seda, esta industria tivo tradición en Valencia, Murcia e Granada. O liño era a industria tradicional en Galicia.

A industria siderúrxica:

A siderurxia española estivo moi supeditada á explotación mineira das súas materias primas: mineral de ferro e carbón. Os intentos de crear entre 1830 e 1870, unha siderurxia propia (Málaga, Marbella, Sevilla) para non ter que depender da importación estranxeira, fracasaron polos elevados custos de produción.

En **Asturias**, a explotación masiva do carbón data dos anos corenta do século XIX, coa posterior instalación de altos fornos e de diversas industrias metalúrxicas. O proceso industrializador presentou numerosas dificultades derivadas, principalmente, da calidade do mineral (escasa capacidade calorífica) e do tipo de minas (soterradas).

No **País Vasco**, a industrialización xirou arredor da explotación do mineral de ferro, moi abundante e de calidade, e que xa viña sendo utilizado desde moito tempo atrás nas numerosas forxas existentes na rexión. A exportación do ferro xerou importantes capitais e isto, unido á importación de carbón barato inglés (eixe comercial Bilbao-Cardiff), permitiu crear, a partir das décadas finais do século XIX e con centro na ría de Bilbao, o maior foco siderúrxico español.

No primeiro terzo do século XX a produción siderúrxica estaba moi concentrada en Biscaia, e nunha soa factoría, **Altos Hornos de Vizcaya**, que case monopolizaba o sector. En 1917 un grupo rival fundou en Sagunto unha compañía siderúrxica, orixe da fábrica de Altos Hornos del Mediterráneo.

O ferrocarril:

A introdución do ferrocarril en España, símbolo do progreso e modernización, foi tardía. O primeiro ferrocarril inglés dedicado a transporte de viaxeiros funcionou en 1830, en España non o fixo ata 1848, nun pequeno tramo entre Barcelona e Mataró.

O ferrocarril español presenta as seguintes características:

- **Unha estrutura radial:** A Lei xeral de ferrocarrís de 1855, deseñou un trazado radial desde Madrid ata os puntos extremos da periferia e ademais establecía que a construción e explotación das liñas podía ser realizada polo Goberno ou por compañías privadas.

- **Dependeu de capitais estranxeiros:** Para facilitar a construción dos ferrocarrís, o Estado concedía vantaxes aos inversores privados e para o seu financiamento contou con tres fontes de recursos: a subvención estatal, o capital dos accionistas e o líquido das obrigacións que emitían as propias compañías ferroviarias.

- **Un diferente ancho de vía:** As características do terreo aconsellaron dar maior ancho ás vías españolas, ocasionando problemas á hora de unilas con trazados europeos, máis estreitos.

Estas tres eivas condicionaron o desenvolvemento do ferrocarril español. Na súa construción podemos distinguir varias etapas:

- Antes de 1855: só se construían 440 quilómetros de liñas ferroviarias repartidos nas zonas de Barcelona, Madrid e Asturias.
- 1855-1865: construción, a bo ritmo, das principais vías, grazas ao apoio estatal e aos investimentos estranxeiros (especialmente franceses).
- 1866-1876: paralización da construción de novas vías porque non se produciron os beneficios esperados, debido ao atraso xeral do país.
- 1877-1895: relanzamento da construción ferroviaria realizada polas grandes compañías que explotaban as respectivas zonas de concesión do servizo.
- 1896-1936: continuou a tendencia anterior, pero con moita lentitude.

O papel do ferrocarril no desenvolvemento económico de España é obxecto de controversia entre os historiadores. Para uns foi considerable pois, nun país con graves dificultades orográficas, permitiu a comunicación interior e facilitou o transporte de mercadorías. Para outros, os efectos foron inferiores dos que se podían esperar debido á mala política estatal que permitiu a importación de material ferroviario, con grave prexuízo para o desenvolvemento do sector siderúrxico español.

TEMA 27: O MOVEMENTO OBREIRO (SEXENIO DEMOCRÁTICO E RESTAURACIÓN)

Na sociedade de clases que se configurou paralelamente á industrialización e ao desenvolvemento capitalista, existiu unha importante conflictividade social que deu orixe ao nacemento de organizacións que loitaron para conseguir melloras salariais e laborais para a clase traballadora. O conxunto destas actividades chámase movemento obreiro.

Ata 1868 o movemento obreiro español estivo moi localizado e tivo escasa repercusión, en relación isto co atraso industrial do país.

Os primeiros episodios de loita obreira son accións desorganizadas de carácter **ludista** nos que os obreiros destruían as máquinas que lles quitaban o traballo (destrución de máquinas de fiar en Alcoi en 1821, incendio da fábrica Bonaplata en Barcelona en 1835), contestadas cunha forte represión por parte do goberno e a patronal.

Nun principio, nas décadas de 1830-1840, os obreiros formaron asociacións de **socorro mutuo**. Influídas polo socialismo utópico, plantéxanse como sociedades benéficas e de axuda mutua para facer fronte ós problemas do asociado en caso de enfermidade, despido, morte, etc. Este plantexamento buscaba evitar a prohibición que impón a lexislación liberal para as asociacións obreiras. Desenvólvense a partir da Lei de sociedades de socorros mutuos de obreiros de 1839. Estas sociedades terán importancia no téxtil catalán, cun marcado carácter sectorial e local, e reivindicarán o dereito de asociación pleno para poder reclamar melloras salariais e das condicións de traballo. O desenvolvemento destas asociacións producírase durante os breves períodos de goberno progresista (Espartero 1840-1843 / Bienio progresista de 1854-56). Serán prohibidas e perseguidas polos gobernos moderados.

A partires de 1868 o movemento vaise estender, grazas á aprobación da Lei de asociacións e á chegada das ideas da I Internacional.

Durante a Restauración o movemento obreiro dividiuse en dúas grandes correntes: **anarquismo e socialismo**.

O anarquismo:

A Primeira Internacional comezou a ser coñecida en España a partir da viaxe que fixo **Giuseppe Fanelli**, enviado polo dirixente anarquista Bakunin en outubro de 1868. Fanelli viaxou a Madrid e Barcelona onde creou os primeiros núcleos afiliados á AIT. Pero Fanelli difundiu os ideais bakunistas como se fosen os da AIT, de modo que os afiliados españois á AIT pensaron que o programa que se lles ensinaba (supresión do Estado, colectivización, apoliticismo, etc.) eran os principios xerais da Primeira Internacional. O anarquismo prende antes có marxismo por: afinidades co republicanismo federal (anticlerical, ateo, soberanía popular).

E este feito axudou ao espallamento e arraigamento das ideas anarquistas entre o proletariado catalán e os campesiños andaluces. A súa labor e a acción propagandista dos seus partidarios deu lugar, en 1870, á formación da **Federación Rexional Española** da AIT (FRE), que tivo lugar no Congreso de Barcelona.

Cataluña contaba co núcleo maior de afiliados aínda que tamén existían núcleos importantes en Valencia (Alcoy), Andalucía e Castela (Madrid e Valladolid). As seccións que ían xurdindo recibían o nome de Federacións Locais Obreiras; e en Galicia foi moi poderosa a FLO da Coruña.



O anarquismo caracterizouse pola súa división: uns defendían os principios colectivistas e antiautoritarios e crearon nos anos 80 a Federación de Traballadores da Rexión Española, transformada posteriormente en Federación de Resistencia ao Capital. Entre as federacións locais destacou a Solidariedade Obreira e, despois da Semana Tráxica de Barcelona, creouse a **Confederación Nacional do Traballo (CNT en 1910)** (con líderes como Salvador Seguí e Ángel Pestaña). Pola actitude dalgúns membros desta os máis radicais fundaron a Federación Anarquista Ibérica.

Outros, en cambio, eran máis extremistas e defendían os atentados contra os intereses e os personaxes das clases dominantes, nesta liña de actuación encádrase a organización anarquista secreta da Man Negra.

O socialismo:

A difusión das teorías marxistas en España foi debida a **Paul Lafargue**, xenro de Marx, que se instalou en Madrid a partir do ano 1871 e impulsou o grupo de internacionalistas madrileños, máis favorables ás posicións marxistas que ás bakunistas, que predominaban na FRE.

Entre os internacionalistas cos que contacta está Pablo Iglesias. Formárase así, un núcleo socialista que foi a orixe do **Partido Socialista Obreiro Español** (o terceiro desta ideoloxía que se formaba en Europa) fundado en 1879 por Pablo Iglesias. Entre os seus obxectivos estaba a “transformación revolucionaria da sociedade”: o poder debe pasar á clase traballadora, e a propiedade privada debe pasar a ser social e entregada aos traballadores, que a explotaría en beneficio común. Esta formulación oporíase aos partidos burgueses; e aínda que o PSOE defendía a participación na vida política, a súa negativa a colaborar cos republicanos fixo que non tivesen representación política no Congreso dos Deputados ata o ano 1910 (Conxunción Republicano Socialista, a raíz da Semana Tráxica). No ano 1888 (trala aprobación da Lei de Asociacións de 1887) os socialistas impulsaron a creación dun sindicato socialista, a **UGT** (Unión General de Trabajadores), que se organiza a base de Sindicatos de Oficio a nivel local e por Federacións a nivel nacional.

Partido e máis sindicato tiveron a súa zona de influencia en Madrid, Biscaia e Asturias mentres que a súa presenza en Cataluña ou Andalucía foi escasa (nestas áreas era maior implantación do anarquismo).

Entre o partido e o sindicato existía unha estreita interdependencia, e ambas contribuíron á fundación en París da Segunda Internacional, a cal declarou o Primeiro de Maio como día da clase obreira. O goberno bolxevique xurdido Rusia tras a revolución fundou no 1919 a III Internacional Comunista. Isto produciu un intenso debate sobre si seguir o modelo soviético. Unha parte dos socialistas separáronse e formaron o **Partido Comunista de España** (PCE, 1921).

Sindicalismo católico:

Caracterízase pola súa actitude paternalista, máis proclive a acabar cos males da industrialización, pero non coas desigualdades sociais.

Neste ámbito destaca a creación dos Círculos de Obreiros Católicos, promovidos por figuras como o Padre Vicent e o Marqués de Comillas.

TEMA 28: A EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE NO S.XIX (CON ESPECIAL ATENCIÓN Á SITUACIÓN DA MULLER)

Durante o século XIX, España pasou dunha sociedade estamental e inmóbil característica do Antigo Réxime a unha **a sociedade industrial de clases** marcada polo liberalismo e o capitalismo. As diferenzas sociais xa non se baseaban en privilexios de nacemento, senón na riqueza. As transformacións provocadas pola revolución liberal favoreceron sobre todo á burguesía, mentres que as clases traballadoras e o campesiñado continuaron en situacións moi precarias. Os cambios máis significativos foron a liquidación da sociedade estamental, o crecemento da burguesía, a formación do proletariado obreiro e a organización da sociedade de clases.

- As **clases altas** formábanas a nobreza tradicional e a nova burguesía enriquecida, converténdose nunha nova oligarquía con poder económico e político, reforzada polo sufraxio censatario.
- A sociedade tornouse máis fluída, con certa mobilidade, pero mantendo fortes desigualdades sociais, políticas e culturais.

1.Os grupos tradicionais: nobreza, clero e campesiñado

Evolucionaron de forma diferente ante as transformacións provocadas pola revolución liberal e a formación da sociedade de clases.

- **Nobreza:** Perdeu privilexios legais, pero mantivo o seu poder económico. Adaptouse ao novo réxime liberal investindo en terras desamortizadas. En xeral os nobres seguiron formando parte da cúspide da nova sociedade, adaptándose á nova situación (aburguesamento nobiliario). Algúns investiron en actividades produtivas (banca, ferrocarril, industria), aínda que dominou a mentalidade rendista da terra. O ennobrecemento da burguesía a través de títulos nobiliarios creou unha elite mixta.

En Galicia, a **fidalgúa** mantivo o poder social e político sobre os campesinos e, en moitas ocasións, desenvolveu actitudes tradicionalistas (participación nas partidas carlistas) e conservadoras (caciquismo político). A súa base económica era a percepción de rendas agrícolas, polo que a crise agraria e a perda de valor das rendas forais fixo que a súa posición social fose diminuíndo a medida que avanzaba o s.XIX.

- **Clero:** Perdeu riqueza e membros tras a desamortización, pero conservou influencia social grazas á confesionalidade do Estado e ao control da educación. A súa postura foi maioritariamente contraria ao liberalismo. En liñas xerais, os gobernos progresistas limitaron o poder do clero, mentres que os moderados e conservadores apoiaron e favoreceron á Igrexa. Aínda que minoritaria, existiu unha corrente radical anticlerical que deu lugar a numerosos actos, manifestacións e mitins de protesta.

- **Campesiñado:** Representaba a maior parte da poboación. As reformas liberais (como a desamortización) prexudicaron aos labregos pobres, que perderon acceso ás terras comunais. O sur español concentrou grandes latifundios, con xornaleiros sometidos ao caciquismo. As súas condicións de vida cambiaron pouco, aínda que desde a década de 1870 se iniciou un lento éxodo rural cara a algunas cidades (Barcelona, Madrid, Valencia...). En Galicia predominou o réxime foral, que dificultaba a modernización agrícola e favoreceu a emigración. As malas condicións de vida xeraron un constante conflito agrario.

2. Novos grupos sociais: burguesía, clases medias e proletariado

Burguesía e proletariado industrial constituíron os novos grupos antagónicos da nova sociedade de clases que se formou na España liberal.

- **Burguesía:** Grupo ascendente formado por comerciantes, industriais e profesionais liberais. Controlaba o poder económico e político, e buscaba títulos nobiliarios para lexitimarse socialmente. A **alta burguesía** investía en ferrocarrís, débeda pública e terras. A **burguesía industrial** destacaba en Cataluña e o País Vasco, aínda que cunha capacidade limitada de transformación estatal. Ocupou un lugar secundario na organización do aparello estatal e preocupouse fundamentalmente en conseguir do Estado a necesaria política proteccionista para a súa incipiente industria. **Clases medias urbanas:** Incluían pequenos empresarios, funcionarios, profesionais liberais e tenderos. Eran poucas (15 % da poboación) pero influentes na defensa do liberalismo e das reformas democráticas.

- **Proletariado:** Grupo en crecemento derivado da industrialización, con especial peso en Cataluña (têxtil), Asturias (minería) e País Vasco (industria pesada). Tiñan condicións laborais moi duras: longas xornadas, salarios baixos, falta de protección social, vivendas insalubres. Cobrábase por día traballado e non existía ningunha protección en caso de paro, enfermidade, accidente ou vellez. Para o sustento dunha familia era necesario que tamén as mulleres e os nenos traballasen nas fábricas, aínda que cobraban salarios moi inferiores aos dos homes. Unha férrea disciplina laboral impedía calquera contestación e a máis mínima protesta implicaba ser despedido da fábrica.

As súas condicións de vida nos novos suburbios industriais das cidades eran tamén deplorables. As casas dos traballadores, moitas veces chabolas ou pequenas barracas, eran pequenas, miserables e situadas en barrios hacinados e degradados, nos que se acumulaban miles de traballadores. Carecían de servizos de iluminación, auga corrente, rede de sumidoiros e empedrado. As enfermidades infecciosas como a tuberculose e o cólera propagábanse rapidamente, afectando a unha poboación moi vulnerable pola mala alimentación e o traballo esgotador. Nestas condicións, a mortalidade infantil era moi elevada e a vida media dun

traballador, moi baixa. Os obreiros industriais tiveron polo tanto que soportar duras condicións de vida, polo que tiveron que organizar accións reivindicativas para conseguir melloras salariais e laborais. O conxunto destas actividades recibe o nome de movemento obreiro. Mulleres e nenos traballaban tamén en condicións precarias. Xurdiron protestas e o **movemento obreiro**, que reclamaba melloras laborais e sociais.

3. Clases populares urbanas e grupos marxinais

- **Clases populares urbanas:** Incluíron artesáns, pequenos comerciantes e oficios urbanos. A pesar da industrialización, o sector artesanal mantívose forte. O crecemento urbano creou novos empregos de servizo e administrativos. As mulleres desempeñaban sobre todo tarefas como criadas, lavadeiras, amas de cría ou costureiras.
- **Grupos marxinais:** Incluían pobres, anciáns, viúvas, persoas enfermas ou con discapacidades sen recursos. A falta de asistencia estatal deixaba a súa supervivencia nas mans da caridade relixiosa ou municipal..A maioría dos “pobres de solemnidade” eran mulleres.

4. A situación da muller no século XIX

Realidade laboral e discriminación

A idea dominante era a da muller confinada ao fogar. Pero isto só era aplicable ás mulleres das clases altas e medias. A realidade das clases populares foi distinta: mulleres traballando no campo, nas fábricas, como criadas ou en servizos. A mediados do s.XIX a maioría das mulleres pertencentes ás clases baixas traballaban fóra da casa en labores agrarias e actividades industriais e de servizos, especialmente nas cidades. Nas cidades e nas súas periferias. Os escasos salarios dos homes das clases obreiras eran insuficientes para o mantemento da familia, polo que a muller debía de buscar o medio de achegar un complemento á economía doméstica traballando fóra do fogar, especialmente nas fábricas ou nas casas da burguesía. Unha de cada catro facíao como criada, asistente, lavadeira ou ama de cría, sen horario nin días de descanso, con escaso salario, as veces só alimentación, vestido e aloxamento. A outra ocupación feminina eran as tarefas agrícolas nas épocas de máis traballo. O resto traballaba no comercio, en actividades industriais...Compartían longas xornadas e malas condicións de traballo cos homes, pero non salarios, sempre menores que os masculinos. Os seus salarios eran un terzo ou a metade máis baixos ca os dos homes, aínda que realizasen as mesmas tarefas.

- **Condicións laborais:** Salarios moi inferiores aos dos homes (entre 30 % e 60 % menos), sen dereitos nin recoñecemento. O traballo feminino considerábase complemento do salario familiar.
- **Discriminación legal e xurídica:** O Código Civil e Penal recoñecían o sometemento legal da muller ao home.



- **Discriminación política:** O sufraxio feminino non chegou ata 1931. En 1890 implantouse o sufraxio universal masculino, excluindo ás mulleres.
- **Discriminación educativa:** A educación feminina centrada en tarefas do fogar. En España, a lexislación educativa discriminou á muller, pois legalizando a formación sexista e de xénero imponía a domesticidade. Deste modo, a educación recibida polas mulleres xiraba arredor do seu papel na familia, no matrimonio, na maternidade e no fogar, sen posibilidade de crear un proxecto social, cultural ou laboral autónomo. Mentres que as nenas eran instruídas nos coñecementos morais e nos labores da casa, os homes aprendían coñecementos científicos e técnicos. O acceso ao bacharelato e á universidade foi restrinxido ata ben entrado o século XX.

A loita das mulleres: traballo, educación e activismo

A pesar das restricións, moitas mulleres comezaron a reivindicar dereitos:

- **No mundo obreiro:** As mulleres sufriron dobre discriminación: como traballadoras e como mulleres. Comezaron a organizarse en **sociedades femininas de resistencia e axuda mutua**. Existiron sindicatos e asociacións **anarquistas, socialistas e católicas**, con obxectivos de liberación de clase e xénero.
- **Feminismo librepensador:** Desde posturas laicas e republicanas, reclamaban dereitos sociais e políticos. Exemplos: a Agrupación de Mulleres Librepensadoras (1896), ou a Sociedade Progresiva Feminina (1898).
- **Líderes destacadas:** Teresa Claramunt (anarquista), Virginia González Polo (socialista), Ángeles López de Ayala e Belén Sárraga (librepensadoras).

Acceso á educación e cultura

- O analfabetismo feminino era moi elevado (máis do 70 % en 1900).
- A educación feminina sufriu numerosas trabas. A primeira muller universitaria foi María Helena Masseras (1872, Medicina). Non se permitiu o acceso libre á universidade ata 1910.
- En Galicia, as primeiras licenciadas foron as xemelgas Elisa e Jimena Fernández de la Vega (1919, Medicina).

Institucións relevantes:

Paralelamente foron creándose diferentes institucións dedicadas a ofrecer ás mulleres españolas de clase media a oportunidade de ter acceso a unha ensinanza académica e a unha formación laboral. Estas iniciativas responderon a dúas vías distintas: a **católica-conservadora** e a **liberal-laica**. Impulsados polos sectores relixiosos xurdiron diferentes centros de instrución para as mulleres (como a Institución Teresiana en 1911) desde unha visión católica e conservadora. Desde unha perspectiva liberal destacou a creación da **Residencia de Señoritas de Madrid (1915)** que, inspirada pola ideoloxía da Institución Libre de Enseñanza e dirixida por María de Maeztu, ofrecía aloxamento e

formación a mulleres maiores de 16 anos, para ocupar profesións cualificadas. Foi unha das institucións máis importantes para apoiar a emancipación feminina por medio do estudo e o traballo. O **Lyceum Club Femenino** (1926): creado por intelectuais como Maeztu, Victoria Kent ou María Martos, espazo de debate feminino.

Neste contexto renovador, aínda que minoritario, xurdiron diferentes individualidades de mulleres modernas e vangardistas, en diferentes sectores da cultura, a literatura e a arte, que conformaron a a **xeración do 27 feminina, As sen sombreiro**, iniciado por María Mallo, artista galega, chamadas así polo xesto de rebeldía de non levar sombreiro en público (costume obrigatorio para as mulleres) e acurtarse o pelo, actitude transgresora coa que pretendían reivindicar e liberar ideas e actitudes. A inquietude cultural e profesional tamén foi acompañada da progresiva implicación política das mulleres de clases medias, reivindicando o dereito de voto e participando en reunión e faladoiros políticos. **En Galicia, en 1918** máis de **200 mulleres** formaron a **Sección Feminina da Irmandade da Fala** coruñesa que sumou esforzos no movemento nacionalista galego, destacando **Micaela Chao Maciñeira**.

Conclusión

O século XIX foi un tempo de grandes transformacións sociais en España: pasouse dunha sociedade estamental a unha sociedade de clases. A burguesía consolidou o seu poder, mentres que o proletariado e o campesiñado sufriron duras condicións laborais e de vida. A muller, especialmente das clases populares, tivo un papel activo na economía pero foi obxecto dunha profunda discriminación legal, laboral, política e cultural.

A pesar dos obstáculos, unha parte do movemento obreiro e feminista comezou a organizarse, reclamando igualdade e dignidade. Estas loitas sentaron as bases para os avances do século XX.